



**Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia**

Plan de Convivencia

Curso: 2025- 2026

EASD: Antonio Faílde. Ourense

Aprobado en sesión da Xunta da Escola en data: 29/10/2025



Índice

1	Introdución.....	3
2	Análise do centro e da situación de convivencia.....	4
3	Obxectivos específicos.....	7
4	Actuacións, medidas ou programas previstos para favorecer a convivencia. Medidas preventivas, sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación..	7
5	Protocolos para a prevención, detección e tratamento das posibles situacións de acoso escolar e outros protocolos previstos.....	8
6	Concreción en cada actuación: medidas e programas, responsables, destinatarios e procedementos a seguir para o desenvolvemento e execución das actuacións.....	9
7	Normas de convivencia do centro.....	10
8	Condutas contrarias ás normas de convivencia do centro e as súas correccións.....	13
9	Comisión de convivencia: Normas de funcionamento, composición, reunións, plan de actuación.....	18
10	Coordinación e colaboración interna no centro e fóra do centro.....	20
11	Estratexias de difusión do Plan de Convivencia.....	22
12	Procesos de seguimento, avaliación e mellora do Plan de Convivencia.....	23
13	Anexo I. Enquisa convivencia curso 2024/25.....	24



1 Introducción

Unha das tarefas fundamentais que debe emprender a EASD é a elaboración dun Plan de Convivencia que formará parte do Proxecto Funcional. A elaboración do Plan de Convivencia debe propiciar un proceso de reflexión de todos os sectores que compoñen a comunidade educativa co fin de establecer estratexias preventivas ou de intervención que contribúan á mellora da convivencia. O plan de convivencia debe estar baseado nas seguintes consideracións:

- A formación non é só adquisición de coñecementos, hábitos e técnicas; debe proporcionar ás persoas **a capacidade de asumir os seus deberes e exercer os seus dereitos** dentro dos principios democráticos da convivencia, baseados no respecto á liberdade dos demais e o uso responsable da propia. A formación debe contribuír ao desenvolvemento dos valores de respecto á diversidade de opinións, na loita contra as desigualdades de calquera tipo e na diminución dos conflitos.
Neste contexto, os dereitos e deberes do alumnado adquiren unha grande importancia no proceso formativo.
- Un dos obxectivos fundamentais que debemos perseguir é a **aprendizaxe e tratamento dos conflitos**, desde o diálogo, a tolerancia, a solidariedade e a xustiza.
- Unha das formas de mellorar a convivencia é establecer unhas **normas baseadas no consenso**, aumentando e enriquecendo a participación do alumnado. As normas acordadas entre todos/as, cúmprense e valóranse.

Para establecer a convivencia e restablecela cando se rompe, precísanse tres elementos esenciais: un **conxunto de normas acordadas** e coñecidas por todos, un **sistema que detecte** os posibles incumprimentos e un **procedemento de corrección** que actúe cando se producen transgresións ás normas de convivencia.

O Plan de Convivencia debe ser un instrumento, xurdido das reflexións de todos os sectores da comunidade educativa, que propoña medidas e iniciativas que favorezan un bo clima de convivencia no que prevalezan os valores de liberdade responsable, tolerancia, respecto ás diferencias, solidariedade, e no que saibamos resolver os conflitos mediante o diálogo, nun clima de paz.



2 **Análise do centro e da situación de convivencia**

Características do centro e da súa contorna

Descrición do ámbito económico, social e laboral

A Escola de Arte e Superior de Deseño (EASD) Antonio Faílde de Ourense é unha das catro Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia e conta con mais de 30 anos de traxectoria. Aínda que é herdeira daquela primeira Escola de Artes e Oficios de 1891, nace no contexto do estado autonómico como escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos en 1986. A partir de 2005 coa implementación dos Estudos Superiores de Deseño, adquire a súa actual denominación. Despois de varias localizacións na cidade, desde 1999 está situada no barrio da Cuña no recinto do complexo educativo que aloxa tamén a Universidade Laboral, o CEFORE e o Centro Residencial Docente

A escola sitúase en Ourense, cidade de 105.893 habitantes, que a converte na terceira cidade galega por poboación. A principal actividade económica en Ourense corresponde ao sector servizos e ocio. A actividade comercial é a mais relevante e existe un emerxente sector turístico vinculado ao termalismo. O sector industrial está tamén moi presente nos polígonos dos concellos limítrofes e o sector da construción ten aínda unha forte presenza.

A oferta formativa da escola prové profesionais da Fotografía, o Deseño Gráfico e a Ilustración para resolver os problemas de comunicación visual do comercio local, a industria da moda (Adolfo Domínguez, Roberto Verino, Textil Lonia, etc...), a industria vitivinícola, as administracións local e provincial, industrias de artes gráficas, medios de comunicación impresos e televisión. Por outra parte as ensinanzas de Deseño de Interiores e Ebanistería Artística están dando resposta á necesidades da industria auxiliar da construción, deseño do moble, empresas de reformas, estudos de arquitectura, etc. Porén, un dos puntos fortes da escola é dar servizo á área económica costeira do sur de Galicia, área metropolitana de Vigo pero tamén Pontevedra, Vilagarcía as áreas do Salnés e o Morrazo. É a zona máis poboada de Galicia con un sector industrial, turístico e de servizos de primeira orde. Moito do noso alumnado provén desa área, na que realiza as prácticas en empresas e, posteriormente, a súa actividade laboral.

As ensinanzas que oferta este centro e a súa organización son as seguintes:

Ensinanzas artísticas de artes plásticas e deseño.

Conta con tres ciclos formativos de Grao Superior de dous cursos académicos e 120 ECTS:

- Fotografía.: 1 grupo no primeiro curso e 1 grupo no segundo curso.
- Ilustración. 4 grupos: 2 grupos no primeiro curso e 2 grupos no segundo curso.
- Ebanistería Artística. 1 grupo no primeiro curso e 1 grupo no segundo curso.



Ensinanzas superiores de deseño

Conta con dúas especialidades de catro cursos académicos e 240 ECTS:

- Ensinanzas Superiores de Deseño Gráfico. 8 grupos: 2 grupos en cada curso.
- Ensinanzas Superiores de Deseño de Interiores. 6 grupos: 2 grupos en primeiro e terceiro curso e 1 grupo en segundo e cuarto curso.

A matrícula da escola no curso 2024-2025 é de 308 alumnos/as distribuídos do seguinte xeito: 96 en EESS de Deseño Gráfico, 69 en EESS de Deseño de Interiores, 69 en CFGS de Ilustración, 33 en CFGS de Fotografía e 27 en CFGS de Ebanistería Artística.

O total do persoal docente é de 35 profesores, ademáis dispón como persoal de administración e servizos de 1 auxiliar administrativo, 2 conserxes e 2 limpadoras.

O centro conta co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e un Proxecto Lingüístico coma todas a EASD sinalado no ROC e fixado no *Decreto 61/2011, do 24 de marzo*. Conta con outros proxectos de gran relevancia como son os Proxectos Internacionais: ERASMUS+, KA1, e numerosas actividades complementarias á formación. Entre eles, algunhas actividades senlleiras da Escola como é o seu Anuario de Creatividade, as Xornadas de Arte e Deseño CREA, As Xornadas de Ilustración, só por citar algunhas das máis importantes de edición periódica. Por outra parte, a Escola ten implantado un Sistema de Xestión de Calidade que obtivo o certificado ER-0225/2019, ISO 9001 de AENOR.

Características do alumnado

Un feito diferenciador do noso alumnado respecto ao da maioría dos centros educativos de ensinanzas regradas é a súa condición de persoas adultas que emprenden de xeito vocacional as nosas ensinanzas artísticas posobrigatorias. Este feito supón, como por norma xeral, a supresión da función de intermediación dos proxenitores toda vez que, como persoas adultas que son, as/os alumnas/os teñen o deber e o dereito de actuar e responder aos conflitos no seu propio nome. Por outra parte, estas persoas xa pasaron por unha educación básica en conducta e valores en etapas educativas anteriores, de xeito que lle corresponde á nosa escola unha labor, fundamentalmente, formativa de contidos, procedementos e actitudes específicas de cada unha das ensinanzas e especialidades ofertadas pola escola. Non obstante, como se sinalou na introdución a este documento a formación mesmo no noso nivel académico pode e debe asentar e promover os valores e as actitudes que contribúan a unha boa convivencia.



A procedencia do alumnado da escola é maioritariamente da provincia de Ourense, pero tamén de Vigo e área metropolitana, así como algún alumnado da provincia de A Coruña e da Comunidade de Castela e León, concretamente das provincias próximas como Zamora ou León.

A idade do alumnado, abarca, dende os 17 anos, para aquelas alumnas e alumnos que chegan á maioría de idade, no primer curso, entre setembro e Nadal, ata de persoas que se incorporan a estas ensinanzas cunha idade máis avanzada como consecuencia de múltiples factores: complemento aos estudos realizados con anterioridade, segunda carreira allea aos estudos desta escola, vocación tardía, (quizais por unha inadecuada orientación académica previa) ou por retomar os estudos, despois de se ter incorporado ao mercado laboral, pola eventual falta de traballo debido á crise do 2009 ou a pasada pandemia covid-19. Tampouco é infrecuente o alumnado que na actualidade compatibilizan os estudos na escola cun traballo.

Situación actual da convivencia no centro. Resultado das enquisas.

A EASD elaborou no pasado curso académico 2024/25 un cuestionario para coñecer a percepción da convivencia no centro cuxo informe se adxunta no Anexo I cuxos resultados non son fiables debido á mostraxe do sector do alumnado, que é moi exígua, non así a do persoal docente e persoal non docente, suficientemente significativas e cunha percepción, polo xeral, moi boa da situación da convivencia na escola. Para o próximo curso implementárase o cuestionario en datas non tan próximas do final de curso para ter garantidos resultados máis fiables. Tamén se administrou o cuestionario promovido pola Consellería de Educación no mes de febreiro de 2024 pero no momento de redixir este plan a aplicación Educonvives aínda non ten emitido o informe ao respecto, só datos da participación no que, novamente, a participación do alumnado foi moi baixa, 19%, a do persoal non docente 40% e o profesorado 50%.

Á vista dos resultados da enquisa e analisados os datos obtidos, podemos concluir que, en xeral, todos os aspectos de convivencia do centro son valorados pola comunidade educativa de xeito positivo en termos cualitativos de "moi bon" tanto por alumnado como por profesorado.

Así mesmo, non se perciben conflitos significativos entre os colectivos da comunidade educativa, quizá só a indicación do absentismo e falta de puntualidade. A corrección, en todo caso a este problema xa está especificado nas Normas de Organización e Funcionamento do centro.

As tres accións que obtiveron mellor consideración como iniciativas que poden mellorar a situación de convivencia no centro foron, nesta orde, para o profesorado "alivio de carga burocrática", "utilizar un estilo docente respectuoso e positivo" e "mellorar a capacidade de comunicación e asertividade do profesorado" e para o alumnado: "formar ao profesorado en cuestións de saúde mental", "formar ao profesorado en resolución de conflitos" e "utilizar un estilo docente respectuoso e positivo.



3 Obxectivos específicos

- a) Manter as actuacións que fomentan a boa convivencia no centro.
- b) Manter as relacións persoais no respecto mutuo, na comprensión, a solidariedade e as normas de convivencia, de tal modo que se garantice unha escola segura e sen conflitos que contribúan a creación dun ambiente positivo que favoreza o aprendizaxe e o desenvolvemento persoal.
- c) Garantir o coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos os membros da Comunidade Educativa e das normas necesarias para unha convivencia pacífica e respetuosa, recollidas na normativa vixente e nas NOF.
- d) Tratar todo caso de violencia coa maior prontitude posible, examinando en profundidade, xa sexan alumnos ou outros membros da comunidade educativa os implicados.
- e) Favorecer a resolución pacífica e constructiva dos conflitos que se presenten, en estreita colaboración con todos os membros da comunidade educativa.
- f) Fomentar a participación de todos os membros da comunidade educativa nos distintos órganos de goberno creados de modo que favoreza a detección e denuncia dos conflitos e a coherencia das actuacións.
- g) Fomentar aptitudes non permisivas co conflito, o acoso ou a falta de respecto ás normas.
- h) Manter, por parte do profesorado, unha liña de conducta coherente, uniforme e sistemática no tratamento do orde e a disciplina.
- i) Potenciar todas aquelas actividades que promovan hábitos de convivencia positivos.

4 Actuacións, medidas ou programas previstos para favorecer a convivencia. Medidas preventivas, sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.

- 1. Actuacións organizativas, curriculares e de coordinación. Debe considerarse, especialmente, a organización do centro e da aula; a coordinación das actuacións docentes; a programación e desenvolvemento do currículo; as estratexias metodolóxicas; a avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente; e as actividades complementarias e extraescolares.
- 2. Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.



3. Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.
4. Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar:
 - a. Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este.
 - b. Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.
 - c. As medidas que se adoptarán no caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan, serán aquelas determinadas no [Protocolo da Consellería](#) . A persoa responsable da atención á vítima serán aquela que exerza a función de tutoría do grupo da vítima de acoso.
5. Medidas que se poden aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir, entre as cales se incluírán os compromisos de convivencia, as actuacións preventivas e que contribúan á detección da conflitividade e a conciliación ou mediación na resolución dos conflitos que puidesen xurdir.
6. Medidas ou programas específicos para promover a convivencia no centro, que fomenten o diálogo, a corresponsabilidade e a cultura de paz.

5 Protocolos para a prevención, detección e tratamento das posibles situacións de acoso escolar e outros protocolos previstos.

Son de aplicación as medidas contempladas no protocolo desenvolvido pola Consellería de Educación en 2018 que se poden consultar na seguinte ligazón [PROTOCOLO ACOSO ESCOLAR](#)

Por outra parte, no presente curso escolar habilitarase, tanto de xeito físico como habilitando unha ligazón no sitio web da escola, o **Buzón Laranxa**, para denunciar de xeito anónimo casos e situacións de acoso.



6 Concreción en cada actuación: medidas e programas, responsables, destinatarios e procedementos a seguir para o desenvolvemento e execución das actuacións.

OBXECTIVO	ACCIÓN/ACTUACIÓN	RESPONSABLE	TEMPORIZACIÓN E RECURSOS	INDICADORES DE LOGRO/CRITERIOS DE AVALIACIÓN
Garantir o coñecemento previo dos dereitos e deberes de todos os membros da Comunidade Educativa	Difusión das normas de convivencia na web do centro	Dirección Equipo de mantemento do sitio web.	Primeira semana do curso académico. Equipamento TIC do centro	Documento recollido nas NOF e subido á web da escola
	Difusión das normas de convivencia na Guía do Alumnado	Dirección Equipo de mantemento do sitio web.	Primeira semana do curso académico. Equipamento TIC do centro	Documento recollido na Guía do Alumnado
	Explicación das normas nas xornadas de acollemento	Equipo directivo e titorías de grupo	Primeira semana do curso académico. Equipamento TIC e instalacións do centro	Palestras informativas nas xornadas de acollemento
Fomentar actitudes non permisivas co conflito, o acoso ou a falta de respecto ás normas.	Habilitación do <i>Punto Laranxa</i> no sitio web e de xeito físico nun espazo seguro	Xefatura da área de formación	No primeiro cadrimestre. Equipamento TIC, instalacións do centro, equipo de mantemento do sitio web.	Instalación física e formulario operativo no sitio web. Proxectos recollidos nas programacións docentes das disciplinas e do departamento didáctico e de coordinación de benestar e convivencia
Potenciar actividades que promovan hábitos de convivencia positivos.	Actividade formativa para alumnado impartida polo equipo de orientación específica	Dirección Xefa área de formación Responsable benestar e convivencia Equipo de orientación específica	Ao longo dos dous cadrimestres. Equipamento TIC e instalacións do centro	Actividade formativa celebrada
	Actividade formativa para profesorado impartida polo equipo de orientación específica	Dirección Xefa área de formación Responsable benestar e convivencia Equipo de orientación específica	Ao longo dos dous cadrimestres. Equipamento TIC e instalacións do centro	Actividade formativa celebrada



7 Normas de convivencia do centro

Dereitos e deberes da Comunidade Educativa.

As normas sobre convivencia nos centros docentes establecidas na *lei 4/2011 do 30 de xuño* de convivencia e participación da comunidade educativa oríéntanse aos seguintes fins:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de maneira excelente os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.
- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces. d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- d) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- e) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

No marco do establecido pola lexislación básica de educación, os membros da comunidade educativa son titulares dos dereitos e deber de convivencia e participación seguintes:

Dereitos e deberes do alumnado.

Recoñécenselle ao alumnado os seguintes **dereitos** básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.



- c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:

- a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Dereitos e deberes do profesorado.

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.



- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis adecuados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Son **deberes** do profesorado:

- a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, pondoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar os responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e discreción profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Dereitos e deber do persoal de administración e de servizos.

Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

Son **deberes** do persoal de administración e de servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar os responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e discreción profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.



- d) Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

8 Condutas contrarias ás normas de convivencia do centro e as súas correccións.

Clases de condutas contrarias á convivencia.

1. As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia, de acordo co establecido nesta sección.
2. Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

- a) Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:
- b) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- c) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- e) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- f) As actuacións que constitúan acoso escolar acorde ao establecido polo artigo 28 desta lei.
- g) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.



- h) Os danos graves causados de forma intencionada ou por descoido grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- i) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- j) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- k) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, imputarase indisciplina grave á resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.
- l) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- m) O incumprimento das sancións impostas.

Condutas leves contrarias á convivencia.

- a) Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:
- b) Os actos de discriminación, os actos de indisciplina, os danos, os actos inxustificados, as actuacións prexudiciais e condutas tipificadas como inxuria ou ofensa que non alcancen a consideración de grave.
- c) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
- d) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade.
- e) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

Prescrición das condutas contrarias á convivencia.

- a) As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.



- b) O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mentres aquela non cesamento.
- c) No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición á iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

Correccións pola comisión de faltas contrarias ás normas de convivencia do centro.

Criterios para designar ou instructor/a Inicio do procedemento.

Acordarao a dirección no prazo de cinco días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta para corrixir (salvo as contrarias ás normas de convivencia). Con carácter previo poderá acordar a apertura dun período de información.

Instrución do procedemento.

Será levado a cabo por un/ha profesor/a designado/a pola dirección. O inicio do procedemento notificarase ao alumno/a e aos seus representantes legais especificando as condutas que se imputan, o nome do/a Instructor/a, para que no prazo de dous días lectivos formulen alegacións, tamén se comunicará ao Servizo de Inspección e manteráse o/a informado/a da tramitación até a súa resolución.

Inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, o/a Instructor/a porá de manifesto o expediente ao/á alumno/a comunicándolle a sanción que poderá imporse, a fin de que no prazo de tres días lectivos poidan formular as alegacións que estimen oportunas.

O prazo de instrución do expediente non pode exceder de sete días.

Resolución do procedemento.

Á vista da proposta do/a Instructor/a, o/a director/a ditará resolución do procedemento, que contemplará, polo menos, os seguintes extremos:

- a) Feitos probados.
- b) Circunstancias agravantes e atenuantes.
- c) Corrección aplicable.

Data dos efectos: poderá referirse ao curso seguinte se o alumno ou alumna continúa matriculado no Centro e se fose imposible, cumpriña no ano académico en curso.



Notificarase ao alumno/a e aos seus representantes legais no prazo de dous días e remitiraa á Delegación Territorial.

Procedemento abreviado

Será de aplicación para corrixir as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. Cando a Dirección teña coñecemento dunha destas condutas, dará audiencia ao alumno ou alumna asistido polo/a profesor/a ou titor/a, que solicitará información sobre os feitos. Da reunión darase conta inmediata aos representantes legais, no seu caso.

Alegacións.

No prazo de tres días, o/a alumno/a ou representantes legais expresarán por escrito os fundamentos do seu defensa, debendo rexistralo nos servizos administrativos do centro. Transcorrido o prazo sen as correspondentes alegacións seguiranse os trámites até ditar a oportuna resolución.

Resolución.

Ao día seguinte á recepción no centro do escrito de alegacións, no seu caso, a dirección resolverá respecto da corrección que se deba impor. A resolución conterà, ademais da medida correctiva, unha sucinta descrición dos feitos e deberá ser notificada ao/á alumno/a e aos/ás representantes legais e comunicada ao Servizo de Inspección.

